



XUNTA DE GALICIA



REPÚBLICA DE PONTEVEDRA



Rías Baixas
Turismo



CONCELLO DE BAIONA



caixanova



Festa da Arribada

514 Aniversario da Arribada da Carabela Pinta

Programa de Actos





Programa de Actos

514 Aniversario Arribada Carabela Pinta

Domingo, 18 de Febreiro

17.00 H.

No Auditorio “V Centenario”,
Desfile de Traxes Medievais (A. Amas de Casa)

Venres, 23 de Febreiro

12.00 H.

- No Casal do Reximento (Concello),
- ♦ Presentación da Arribada 2007
 - ♦ Representación: “Anunciada de la Arribada”
(Autor, A. Sierra. Dirección, M. Sueiro)
 - ♦ Proxección vídeo “Arribada 2006”

Sábado, 24 de Febreiro

21.30 H.

No Castelo de Monterreal,
Cea Medieval ACEBA

Mércores, 28 de Febreiro

20.00 H

Na Biblioteca Municipal,
Simposio IGADI: “ Enfoques de América Latina “

Xoves, 1 de Marzo

12.00 H.

Na Capitanía Marítima,
Inauguración da exposición “Afroamérica”

13.00 H.

No Casal do Reximento,
ábrese outra exposición:
“Ritos que atopou Colón,
tralo gran Descubrimento”.

No Casal do Reximento,
inaugúrase ademáis,
a de Traxes Medievais
e atavíos de ornamento.

21.00 H.

Na Capela da Misericordia,
Concerto de música do Renacemento, pola Coral de Belesar.
(Dirixe, Xavier Domínguez).

Venres, 2 de Marzo

18.00 H.

Na Capitanía Marítima,
Conferencia, “Marinos baioneses a través de la Historia”, polo
Capitán de Fragata, José Carlos Fernández, Presidente da
Asociación Cultural Isleña “Ás de guía”, de San Fernando (Cádiz).

19.30 H.

- Na Igrexa Excolexiata,
- ♦ Solemne Eucaristía cantada polo Coro parroquial de Baiona e o Coro "Raiz Palerma" de Palos de la Frontera.
 - ♦ Ofrenda de Coroas ante a Cruz da Evanxelización de América.
 - ♦ Actuación da Coral Casablanca. (Dirixe, Oscar Villar).

22.00 H.

No Hotel Bahía Baiona,
Acto de Confraternidade dos pobos irmáns.

Sábado, 3 de Marzo

09.30 H.

Doce salvas de alborada
dos canóns da fortaleza,
dan sinal de que comeza
a gran Festa da Arribada.



10.00 H.

Ábrese o Real Mercado,
onde antano se facía,
con igual mercadoría
e costumes do pasado.

Os gardiáns do Reximento
fan vixía no Mercado,
castigando o vil pecado
contra o seu Regulamento.

Na Capitanía Marítima,
queda aberta ata o solpor a mostra “Afroamérica”.

10.05 H.

No Auditorio “V Centenario”,

Proclamación de D. Diego de Jesús García Hernández,
como Fillo Adoptivo de Baiona.

- ♦ Actuación do Coro “Voces Baionesas”.
- ♦ Actuación do Coro “Raíz Palerma”.

11.00 H.

Na Nobre Praza Mayor,
unha chea de artesáns,
cos seus pés e súas mans,
crean arte que é un primor.

Na Praza do Açouge
(R/ Lorenzo Carrera)

Na Praza do Canto
(P. P. Fernando)

Na Praza da Leña
(P. P. de Castro)

Na Praia Ribeira

No zaguán do Reximento,
queda aberta a exposición,
do que alén topou Pinzón,
tralo gran Descubrimento.

No Casal do Reximento,
poderán verse ademáis,
vestimentas medievais
e adobíos de ornamento.



Obradoiros e talleres
dos máis antigos oficios,
adoutrinan ós novicios,
en tan hábiles mesteres.

Donceis, paxes e escudeiros
adestrándose en baquetas,
entre xoldras e brinquetas,
fanse destros cabaleiros.

Mercadiño de antigualas
e un senfín de cousas vellas,
que unhos poxan por vendellas,
e outros poxan por mercallas.

Abren as nobres paradas
das aves de cetrería,
que durante todo o día,
poderán ser visitadas.

11.20 H.

Van entrando no Mercado
bufóns, cegos, moinantes,
lacazáns e comediantes,
a vivir do seu engado.

Saen logo afiadores
á afia-la ferramenta,
e a facer outros favores,
se a ocasión se lle presenta.

Sae o mago feiteiro
e unha chea de xograres,
zancudos e malabares
aledando ó pobo enteiro.

11.30 H.

No Casal do Reximento (Concello),
Recepción de Autoridades e convidados ós actos
conmemorativos da Arribada.

11.45 H.

Saída da Comitiva ata o Paseo de Martín Alonso Pinzón.

12.00 H.

Actos de Exaltación da efeméride
ante o monumento a M. A. Pinzón.

- ♦ Intervención de Autoridades.
- ♦ Ofrenda de coroas.
- ♦ Interpretación de himnos.
- ♦ Disparo de salvas polos canóns da Fortaleza

13.00 H.

Na Praia Ribeira,

Grande xusta entre escudeiros
e fidalgos cabaleiros,
pola man dunha doncela
da Raíña de Castela.

16.00 H.

Voltan á Praza Maior
carpinteiros e cesteiros,
alfareiros e zoqueiros,
á cumprir co seu labor.



Na Praza do Açoque
(R/ Lorenzo Carrera)

Abren de novo os talleres
dos máis anterigos oficios,
onde legos e novicios
van face-los seus deberes.

Na Praza do Canto
(P. P. Fernando)

Continúa o adestramento
de infanzóns e de escudeiros,
aspirando a cabaleiros
do Real Correximento.

Na Praia Ribeira

**Gran contenda cortesana
entre arqueiros da nobreza,
que amosando gran destreza,
logran seta na diana.**

16.30 H.

Voltan de novo á troular
a manchea de xograres,
e á brincar e solazar,
zancudos e malabares.

Saen logo os nigromantes,
pícaros e feiticeiros,
a abraiar cos seus trileiros,
coma xa fixeran antes.

17.00 H.

Saen agora os gaiteiros,
a tocar polo Mercado,
con desfile compasado
e redobre de pandeiros.

**Grande exhibición cetreira,
con falcóns e aguias reais,
voitres e mouchos nivais,
no ar da Praia Ribeira.**

Tornan os afiadores
á afia-la ferramenta,
e se algunha se lle quenta,
calmaránlle-los ardores.

18.00 H.

Na Capela da Misericordia,

Cantigas de romaría,
de maldecir e de amigo
de escarnio, cego e mendigo,
do Mester de Xograría.



19.00 H.

Na Igrexa Excolexiata,
Concerto de Habaneras polo Coro de “Voces Baionesas”
(Dirixe, Remigio Leyenda).

20.00 H.

Na Praia Ribeira,
Estreo do novo drama histórico “Arribada del Descubrimiento II”
(Autor, A. Sierra. Dirección, M. Sueiro).

Gran tirada de Fogos de lucería.

23.00 H.

Tres disparos de lombarda, anuncian o recollemento
e remate do Real Mercado.

Vida a hora do lecer,
sentinelas da mesnada
velan armas da Arribada
ata vi-lo amanecer.



Domingo, 4 de Marzo

10.00 H.

Os canóns da Fortaleza,
que se di Monterreal,
dan sinal de que comeza
o Mercado Medieval.

No Casal do Reximento,
pode verse todo o día
o que a Pinta atoparía
tralo gran Descubrimiento.

Os gardiáns do Reximento
saen ó Real Mercado,
á atallar calquer pecado
contra o seu Regulamento.

No Casal do Reximento,
poderán verse, ademáis,
vestiduras medievais
e adobíos de ornamento.

Na Capitanía Marítima,
Ábrese ata o solpor a mostra “Afroamérica”.

11.00 H.

Na Praza do Reximento
(P. do Concello)

Unha chea de artesáns,
da bisbarra do Miñor,
crean arte que é primor,
con seus pés e súas mans.

Na Praza do Açouge
(R/ Lorenzo Carrera)

Obradoiros e talleres
dos máis antigos oficios,
adoctrinan ós novicios
en tan útiles mesteres.

Na Praza do Canto
(P. P. Fernando)

Donceis, paxes e escudeiros
adestrándose en baquetas,
entre xoldras e brinquetas,
fanse destros cabaleiros.

Na Praza da Leña
(P. P. de Castro)

Almoeda de antigualas
unhas rancias e outras vellas,
que unhos traen a vendellas,
e outros veñen a mercallas.

Na Praia Ribeira

Abren as nobres paradas
das aves de cetrería,
que durante todo o día,
poderán ser visitadas.

11.30 H.

Chegan de calquera lado,
bufóns, cegos, moinantes,
gallafeiros e tunantes,
a folgar polo Mercado.

Sae o mago feiticeiro
e unha enchenta de xograres,
zancudos e malabares,
aledando ó pobo enteiro.



Sae logo o afiador
á afia-la ferramenta
e a facer calquer favor,
se a ocasión se lle presenta.

12.00 H.

Na Praia Ribeira,

Gran contenda cortesana,
entre arqueiros da nobreza,
que amosando gran destreza,
logran branco na diana.

12.30 H.

Sae a Banda de gaiteiros
a tocar por todas prazas,
os mociños os pandeiros,
e os punteiros as rapazas.

Na Capela da Misericordia,

Cantigas de romaría,
arias de cego e de amigo,
romanzas de meu amigo,
e outras de Santa María.

13.00 H.

Na Praia Ribeira

Grande xusta entre escudeiros
e fidalgos cabaleiros,
pola man, dote e favor
da doncela Leonor.

16.00 H.

Tornan á Praza Mayor,
cabaqueiros e ferreiros,
latoeiros e canteiros,
e outros “eiros” darredor.

Na Praza do Açouge
(R/ Lorenzo Carrera)

Abren de novo os talleres
dos máis senlleiros oficios,
onde mestres bachilleres
exercitan ós novicios.



Na Praza do Canto
(P. P. Fernando)

16.30 H.

Tornan de novo a troular
a caterva de xogares,
e a brincar e solazar,
zancudos e malabares.

17.00 H.

Sae agora o afiador,
trala súa tarazana,
pregoando con máis gana
e afiando inda mellor.

Sae un fato de gaiteiros
a aledar á concurrencia
e acadar con tal presenza,
os momentos máis festeiros.

17.30 H.

Na Capela da Misericordia,

Cantigas de romaría,
de maldecir e de amigo,
de escarnio, cego e mendigo,
do Mester de Xograría.

18.00 H.

Na Praia Ribeira,
"Arribada del Descubrimiento II", novo drama histórico.
(Autor, A. Sierra. Dirección, M. Sueiro).

23.00 H.

Tres disparos de canón
dan por rematada a festa,
e Baiona xa se apresta
para a próxima edición.

Continúa o adestramento
de infanzóns e de escudeiros,
por chegar a cabaleiros
a través do entretemento.

Saen logo os comediantes,
pícaros e feiticeiros,
magos e titiriteiros,
cos seus trucos fascinantes.

Grande exhibición ceteira,
con voitres e alcotáns,
aguias, falcóns, gaviláns...
no ar da Praia Ribeira.



Ata entón.

Adeus.